

## VII – FALA O RÌO QUE DESBORDOU

*Ou riacho; pois cun caudal habitual de ben poucos litros, unha canle de apenas un metro de ancho, e cuarta e pico de fondo non é tampouco como para poñerse épicos co tamaño do curso fluvial.*

Iso é algo que podía ver calquera, até coas pálpebras ateigadas de tirizós se vía vir o que ía pasar en canto nos caeran enriba catro gotas. Que logo fosen cento cincuenta litros por metro cadrado en apenas unha hora éche outro conto. Tampouco deberían estar tan sorprendidos; despois do que fixeron comigo non podían agardar outra cousa. Tan só era cuestión de tempo que acontecese.



Escoitaron tantas historias do asunto e imaxinaron tantos cartos no negocio que quixeron xogar tamén eles aos especuladores, ou eran menos ca os demais? Ás noites xa non podían durmir, atacados polos nervios e o insomnio, e pasaban o día a soñar espertos coas posibilidades das recualificacións de terreos. Fóronche tan listos que non se lles ocorreu outra idea que a de urbanizar a eito. Que lugar mellor para comezar cos seus proxectos faraónicos que a xunqueira do fondo da ría? Que máis tiña que fose zona protexida se estaba no mesmo centro da vila e tan só había que recubri-la de terra. Desecárona primeiro, como non? Fixeron o recheo sen importarlles ren a bicharía que alí vivía. Cánto valían dous parrulos e unha garza, unha, que viña no inverno e se dedicaba a papar ras nas canles da marisma. Que máis había? Carrizos, píllaras, brañas ateigadas de mosquitos, canas a feixes e unha morea de cabezolos? Que valor pode ter iso? Moito menos os catro ecoloxistas que apareceron para protestar. Hai que manter a orde; un par de lapotes ben dados e asunto rematado, que para iso cobran un soldo os de uniforme. Despois tiraron para arriba, veña a construír! Cemento e formigón. Vivendas a esgalla; un concello novo; un centro comercial e mesmo un hospital. Iso si que tivo truco, erguer un hospital enriba dun lameiro! E fóronche taaaaan listos que até fixeron os aparcadoiros por debaixo do nivel do mar, e claro, que che vou dicir que non saibas? Mentres funcione a lei da gravidade e mais a dos vasos comunicantes, de cada vez que chova a auga vai para dentro e os carros reconvértense en gamelas.

Logo tocoume a min. Hai que ter ben mala sorte! Que lles faría eu, percorrendo a veiga manseliño, sempre tan pacífico? Levaba séculos gozando devagar do meu camiño dende o manancial até a marea, dos meus saltos e fervenzas, das reviravoltas dos meandros e a frescura dos regatos. Non tiveron piedade, nin un triste salgueiro me deixaron, nin un bido ou un ameneiro que me dese unha sombra. Tratáronme como a un estorbo no medio dos seus plans, como se fose un enfermo terminal que hai que sacar do medio. E non era ilegal a eutanasia?

Xa levaba un tempo sentíndome mal, enzoufado por dentro, co leite ategado de lixo e borralla de incendio. Chegado o día non lles tremeu o pulso. Entubáronme primeiro. Encorsetáronme o camiño soterrándoo baixo as rúas da vila. No que fora a miña veiga levantaron as vivendas; ergueron armatostes cunha manchea de pisos. Non se contentaron con construílos ao meu carón. Non. Tiveron que chantarnos, manda de badulaques, mesmo encima. Canalizaron cara a min, para onde se non?, as augas fecais; ategáronme de refugallos e excrementos e aínda foron quen de dicir, os porcalláns, que apetrenaba. Curso arriba, na miseria en que quedou a miña canle, tiraron o entullo, pois seica non atoparon mellor sitio onde botalo; iso si, nun recanto fixeron un paseo con banquiños ben xeitoso para os vellos.

Menten máis que falan. Non saben nin o que din e por riba o mesmo pensaron os moi inxenuos que logo de eles construíren non ía chover máis. Mal que lles pese, ocorreu o que todo o

mundo que o pensou cando menos unha vez deduciu que tiña que pasar. Sepultáronme en vida, e logo, por se lles parecía pouco, atoáronme e enchéronme. Enchéronme ben cheo, até mesmo rebentar.